

Convenio colectivo provincial do comercio téxtil de Lugo (Anos 2004-2007)¹

I. Ámbito de aplicación.

Artigo 1º.-Ámbito funcional.

Este convenio colectivo afecta e vincula todas as empresas e traballadores da provincia de Lugo que se atopen encadrados no sector do comercio téxtil, a través da agrupación provincial da dita actividade, comprendidos no ámbito funcional e de aplicación do texto do acordo para a substitución da ordenanza do comercio publicado no Boletín Oficial del Estado do 9 de abril de 1996.

Artigo 2º.-Ámbito territorial.

As disposicións deste convenio comprenderán todo o territorio de Lugo e á súa provincia.

Artigo 3º.-Ámbito persoal.

Quedan sometidos ás estipulacións deste convenio todas as empresas e traballadores comprendidos no ámbito funcional do texto do acordo para a substitución da ordenanza do comercio e disposicións ulteriores que a desenvolvan, que se dediquen á actividade de comercio téxtil, quedando excluído o persoal especificado no Estatuto dos traballadores cun contrato que non é constitutivo dunha relación laboral de traballo.

Artigo 4º.-Vixencia e duración.

A vixencia deste convenio colectivo de traballo será desde o 1 de abril de 2004 ao 31 de decembro de 2007, independentemente da súa publicación no BOP.

II. Denuncia, comisión paritaria, condicións máis beneficiosas, normas de subsidiaria aplicación e publicidade.

Artigo 5º.-Denuncia e rescisión.

Cunha antelación mínima de 30 días á data de remate do convenio deberá ser este denunciado por calquera das partes. A ausencia de denuncia deste convenio significará en todo caso a súa prórroga por un ano, en iguais termos, salvo no referente á táboa salarial.

Artigo 6º.-Comisión paritaria.

Para interpretar o contido deste convenio, vixiar o cumprimento e exercer funcións de arbitraje nos problemas ou cuestións suscitados como consecuencia da aplicación del, constitúese unha comisión mixta paritaria entre as partes asinantes deste convenio, que estará formada por 5 representantes da asociación de empresarios asinante, 2 de CC.OO., 3 de UGT, igualmente asinantes.

No caso de que non se chegase a un acordo na dita comisión, ambas as dúas partes se someten á competencia do Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación (SMAC) e xurisdición competente.

Artigo 7º.-Condicións máis beneficiosas.

Todas as melloras contidas neste convenio teñen o carácter de mínimas, dentro das condicións pactadas. Respetaranse as situacións que impliquen para o traballador condicións máis beneficiosas cás aquí pactadas, manténdose as ad personam en canto excedan das pactadas no cómputo anual.

Artigo 8º.-Normas de subsidiaria aplicación.

¹ Publicado no DOG núm. 146, do 1 de agosto de 2005.

En todo o non previsto neste convenio rexerá subsidiariamente o texto do acordo para a substitución da ordenanza laboral de comercio publicado no Boletín Oficial del Estado do 9 de abril de 1996, e disposicións posteriores que o desenvolvan e complementen e as normas laborais de xeral aplicación.

Artigo 9º.-Publicidade.

As empresas expoñerán nos seus centros de traballo un exemplar deste convenio para consulta e coñecemento dos traballadores afectados por el.

III. Retribucións.

Artigo 10º.-Salario base.

Comprende, para o primeiro ano de vixencia do convenio, isto é para o período que vai desde o 1 de abril de 2004 ata o 31 de decembro de 2004, as retribucións que figuran no anexo II deste convenio, resultado de lle aplicar á táboa salarial do convenio anterior revisada, recollida no anexo I, un incremento do 3,2%, correspondente ao IPC real a decembro de 2004.

Para o segundo ano de vixencia do convenio, isto é, para o período que vai desde o 1 de xaneiro de 2005 ata o 31 de decembro do ano 2005, comprende as retribucións que figuran no anexo III deste convenio, resultado de lle aplicar á táboa salarial do período anterior un incremento do IPC previsto polo Goberno para o ano 2005, isto é, un 2% máis 0,5 puntos, do que resulta un incremento total do 2,5%.

Para o terceiro ano de vixencia do convenio, isto é para o período que abrangue desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2006, acórdase un incremento salarial do IPC previsto polo Goberno para o ano 2006, máis un punto.

Para o cuarto ano de vixencia do convenio, isto é para o período que abrangue desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2007, acórdase un incremento salarial do IPC previsto polo Goberno para o ano 2006, máis un punto.

Cláusula de revisión salarial:

En caso de que o IPC real estatal en 31 de decembro de 2005 sexa superior ao IPC previsto para este ano 2005, aplicarase unha revisión salarial polo dito exceso. Esta revisión terá efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2005.

En caso de que o IPC real estatal o 31 de decembro de 2006 sexa superior ao IPC previsto para este ano 2006, aplicarase unha revisión salarial polo dito exceso. Esta revisión terá efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2006.

En caso de que o IPC real estatal o 31 de decembro de 2007 sexa superior ao IPC previsto para este ano 2007, aplicarase unha revisión salarial polo dito exceso. Esta revisión terá efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2007.

Artigo 11º.-Gratificacións regulamentarias.

A contía das gratificacións do 25 de xullo e de Nadal será dunha mensualidade, cada unha, dos salarios deste convenio, comprendido o salario base das táboas anexas e a antigüidade.

Artigo 12º.-Paga de beneficios.

Será aboada polas empresas, en concepto de beneficios, unha paga da mensualidade dos salarios base das táboas salariais deste convenio, incrementada coa antigüidade e, en todo caso, terá que liquidarse, a de cada ano, dentro do primeiro trimestre do ano seguinte.

Artigo 13º.-Sobresoldo de desgaste de vestiario.

Coa finalidade de repórter a deterioración que poida experimentar o traballador nas súas pezas de roupa polo exercicio das súas funcións, establécese un sobresoldo de desgaste de vestiario

mensual, que é, para cada ano, o que figura nos anexos táboa de salarios, 2.0 columna, para todas as categorías profesionais, con excepción dos traballadores menores de 18 anos, que percibirán a metade da contía anteriormente citada.

Artigo 14º

O sobresoldo de desgaste de vestiario devengarase nas doce mensualidades por cada anualidade, sen incluílo nas pagas extraordinarias e de beneficios.

Artigo 15º.-Antigüidade.

A antigüidade consistirá no devengo de quadrienios do 6% cada un, aplicable sobre os salarios base das táboas anexas deste convenio.

Artigo 16º.-Axudas de custo.

Todo traballador con dereito a axuda de custo percibirá, a partir da data da publicación deste convenio no BOP, 22,32 euros por axuda de custo completa e 8,28 euros por media axuda de custo, ou ben gastos que haberá que xustificar á elección da empresa.

Artigo 17º.-Quilometraxe.

O traballador que por necesidade do servizo teña que desprazarse fóra do lugar onde radique o seu centro de traballo empregando o seu vehículo particular, percibirá por este concepto a cantidade de 0,14 euros/quilómetro.

Artigo 18º.-Liquidación por cesamento.

1. Cando o traballador cause baixa na empresa, aboaráselle o importe da liquidación de salarios que legalmente lle corresponda, incluído o importe das gratificacións extraordinarias e o de vacacións en proporción ao tempo traballado desde que se devengou a correspondente gratificación ou se desfrutaron as oportunas vacacións.

2. a) As empresas aboaranlles, para premiar a constancia no traballo, ao traballador que, tendo quince anos de antigüidade na empresa o 1 de xaneiro de 2001, cause baixa nela, as seguintes cantidades en concepto de premio de constancia: o importe de dúas mensualidades completas das súas retribucións vixentes á data da baixa polo mínimo de quince anos de servizo na empresa, incrementadas en dúas mensualidades máis por cada dez anos de servizos que excedan dos quince primeiros.

Exclúese o cobramento das cantidades anteriores nos seguintes supostos: extinción por falecemento do traballador ou empresario, por invalidez ou xubilación do empresario, despedimentos procedentes e aquelas extincións nas que o traballador teña dereito ao cobramento de indemnizacións previstas no Estatuto dos traballadores.

b) As empresas aboaranlle aos traballadores que, non tendo quince anos de antigüidade na empresa o 1 de xaneiro de 2001, causen baixa na empresa con alomenos dez anos de antigüidade nela e nas idades que a continuación se relacionan, as seguintes cantidades en concepto de premio de constancia: se causan baixa aos 64 anos, 1.412,38 euros; se causan baixa aos 63 anos, 2.013,39 euros; se causan baixa aos 62 anos, 2.614,40 euros; se causan baixa aos 61 anos, 3.215,41 euros, e se causan baixa aos 60 anos, 3.816,43 euros.

Exclúese o cobramento das cantidades anteriores nos seguintes supostos: extinción por falecemento do traballador ou empresario, por invalidez ou xubilación do empresario, despedimentos procedentes e aquelas extincións nas que o traballador teña dereito ao cobramento de indemnizacións previstas no Estatuto dos traballadores.

Artigo 19º.-Retribucións dos traballadores para a formación.

O salario base para os traballadores contratados baixo a modalidade contractual de contrato para a formación será, durante os dous anos de vixencia do contrato, o seguinte:

-No primeiro ano de vixencia do contrato, o 80% do salario base da categoría correspondente segundo convenio.

-No segundo ano de vixencia do contrato, o 85% do salario base da categoría correspondente segundo convenio.

IV. Tempo de traballo.

Artigo 20º.-Xornada de traballo.

A xornada de traballo máxima legal para o persoal comprendido neste convenio colectivo será de 40 horas semanais de traballo efectivo.

A regulación legal en materia de apertura de establecementos comerciais e liberdade horaria non suporá modificación da xornada máxima de traballo prevista no convenio, debéndose respectar, en todo caso, os descansos mínimos previstos na normativa laboral.

En caso de que por necesidades do sector sexa necesario traballar en domingos ou festivos, compensarase o traballador coa cantidade de 20 euros ou un día de descanso a maiores do descanso mínimo semanal fixo pola lexislación laboral.

Artigo 21º.-Vacacións.

O persoal comprendido neste convenio gozará dun período anual de vacacións de 30 días, preferentemente entre os meses de xuño e setembro.

Se antes do desfrute do período de vacacións o traballador cae en situación de incapacidade temporal derivada de accidente de traballo ou con hospitalización, sinalarase un novo período de vacacións entre a empresa e o traballador.

Artigo 22º.-Licenzas retribuídas.

O traballador poderá ausentarse do traballo, logo de aviso e xustificación, con dereito a remuneración, por algún dos motivos e polo tempo seguinte:

a) No caso de falecemento de parentes de primeiro e segundo grao de consanguinidade ou afinidade: dous días. Cando o traballador precise desprazarse para atender estas circunstancias, o prazo será de catro días.

b) No caso de accidente ou enfermidade grave, debidamente acreditada, de parentes de primeiro e segundo grao de consanguinidade ou afinidade: dous días. Cando o traballador precise desprazarse para atender estas circunstancias, o prazo será de catro días.

c) No caso de hospitalización de parentes de primeiro e segundo grao: dous días. Cando o traballador precise desprazarse para atender estas circunstancias, o prazo será de catro días.

d) No caso de matrimonio do traballador: quince días naturais.

e) No caso de nacemento de fillo: dous días. Cando o traballador precise desprazarse para atender estas circunstancias, o prazo será de catro días.

f) No caso de traslado de domicilio habitual: un día.

g) Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal, incluído o exercicio do sufraxio activo.

h) Polo tempo indispensable para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación do parto que deban realizarse dentro da xornada de traballo.

i) Os traballadores por lactación dun fillo menor de nove meses teñen dereito a unha hora de ausencia do traballo que poden dividir en dúas fraccións, ou a unha redución da súa xornada en media hora coa mesma finalidade.

j) Para realizar funcións sindicais ou de representación do persoal nos termos establecidos legal ou convencionalmente.

k) Un día por asuntos propios non acumulable ás vacacións, e sempre tendo en conta que esta licenza retribuída non poderá ser desfrutada no transcurso da tempada de rebaixas, campaña Nadal-Reis, ou festas locais de San Froilán. Así mesmo, esta licenza non poderá ser desfrutada facéndoa cadrar en medio de dous festivos co obxecto de formar unha ponte vacacional.

l) En caso de ter que asistir a consulta médica ou ben acompañar un fillo menor de 9 anos ao médico, polo tempo indispensable para acudir á dita consulta, debidamente con certificado médico.

En todo caso, o traballador terá dereito a aquelas outras licenzas que resulten de aplicación en función do disposto na normativa laboral vixente.

Artigo 23º.-Excedencias.

O traballador que teña unha antigüidade de polo menos un ano na empresa, segundo o disposto no artigo 46.2º do ET, terá a posibilidade de se situar en situación de excedencia voluntaria por un prazo non menor a dous anos e non superior a cinco, sempre cumprindo os requisitos e de acordo cos termos establecidos no citado precepto e outra lexislación aplicable.

Así mesmo, os traballadores terán dereito a un período de excedencia non superior a un ano, para atender o coidado de familiares ata o segundo grao por consanguinidade ou afinidade, sempre cumprindo os requisitos e de acordo cos termos establecidos no artigo 46.3º do ET e demais lexislación aplicable.

V. Prestacións sociais.

Artigo 24º.-Póliza de seguros.

As empresas subscribirán, a favor dos seus traballadores, unha póliza de seguros por importe de 18.000 euros que cubra, en caso de accidente de traballo, os riscos de morte e invalidez permanente nos graos de total, absoluta e grande invalidez.

Artigo 25º.-Xubilación anticipada.

As empresas e os traballadores poderán pactar, logo da existencia de común acordo por ambas as dúas partes, xubilacións anticipadas aos 64 anos, de conformidade co disposto no Real decreto 1132/2002, do 31 de outubro, debendo as empresas substituír os traballadores simultaneamente ao seu cesamento por xubilación por outros traballadores nas condicións previstas no citado real decreto.

As empresas e os traballadores poderán pactar, logo da existencia de común acordo por ambas as dúas partes, xubilacións parciais aos 60 anos, de conformidade co disposto no Real decreto 1131/2002, do 31 de outubro, debendo as empresas substituír a xornada reducida simultaneamente á xubilación parcial, por outros traballadores contratados a tempo parcial nas condicións previstas no citado real decreto.

Artigo 26º.-Incapacidade temporal.

As empresas completarán as prestacións con cargo á Seguridade Social, ata o 100% do salario do convenio, nos casos e coa duración que se indica a continuación:

1. No suposto de que a situación de IT sexa como consecuencia de accidente de traballo, aboándose o complemento mentres dure a situación de IT.

2. No suposto de que a situación de IT sexa consecuencia de enfermidade común ou accidente non laboral, o complemento aboarase unicamente cando se produza a hospitalización do traballador e mentres dure a situación de IT.

VI. Comisións.

Artigo 27º.-Comisión de seguridade e hixiene.

As partes asinantes acordan constituír unha comisión provincial sectorial de seguridade e hixiene no

traballo, integrada por un representante de cada unha das centrais sindicais asinantes do convenio e un número de representantes da asociación empresarial téxtil igual ao total das centrais sindicais.

As funcións básicas da comisión de seguridade e hixiene terá como obxectivos prioritarios:

1. Promover a observación das disposicións legais vixentes para a prevención dos riscos profesionais no ámbito do sector.

2. Prestarlles asesoramento aos empresarios e traballadores para evitar e/ou reducir os riscos que atenten contra a integridade física e saúde dos traballadores.

3. Dar a coñecer as normas e os procedementos que en materia de seguridade e hixiene diten os organismos especializados nesta materia.

4. Solicitar informes sobre os resultados estatísticos dos recoñecementos médicos que se lles realicen aos traballadores deste sector.

5. Cantas outras funcións a comisión se atribúa, orientadas ao desenvolvemento e mellora da Seguridade Social e hixiene no traballo, no sector, e na provincia de Lugo.

Artigo 28º.-Comisión de formación.

As partes asinantes acordan constituír unha comisión paritaria sectorial provincial de formación profesional integrada por 1 representante de cada unha das centrais sindicais asinantes do convenio e un número de representantes da asociación empresarial téxtil igual ao número total de representantes das centrais sindicais.

Serán funcións desta comisión:

-Requirir das administracións autonómica e central competentes o recoñecemento desta comisión como interlocutor social sectorial, que reciba a información existente sobre programas e cursos de formación profesional con financiamento oficial que afecten o sector de comercio téxtil, coa finalidade de colaborar tanto nos que estean en marcha como nos que se poidan programar no futuro.

-Elaborar estudos sobre necesidades e requirimentos de formación profesional no sector para chegar a definir a organización e programación dela, tanto ocupacional como regrada.

-Elaborar os plans formativos necesarios para acadar a homologación das cualificacións profesionais de traballadores técnicos, administrativos e manuais cos seus equivalentes na Comunidade Económica Europea.

-Cantas outras funcións a comisión se atribúa, orientadas ao desenvolvemento e á mellora da formación profesional no sector na provincia de Lugo.

VII. Outras materias.

Artigo 29º.-Mozo especializado.

Todo traballador que actualmente figure na categoría como mozo e que efectúe traballos como repo

sición de almacén ou facturación de mercadorías, pasará á categoría de mozo especializado.

Artigo 30º.-Revisión de categorías profesionais do sector.

Acórdase a eliminación deste convenio das seguintes categorías profesionais por considerar que actualmente na práctica non existen xa estas categorías ou similares dentro do ámbito de aplicación do convenio:

-Ascensorista.

-Telefonista.

-Capataz.

-Intérprete.

Nos casos singulares nos que si existan traballadores dentro do ámbito de aplicación do presente convenio e pertencentes ás categorías profesionais referidas, estes manterán en todo momento os dereitos que lles correspondan en virtude do vixente convenio, o que inclúe as súas retribucións salariais actuais cos incrementos salariais pactados que lles correspondan.

Artigo 31º.-Dereitos sindicais.

As empresas poñerán á disposición dos comités de empresa ou delegados de persoal o oportuno taboleiro de anuncios para o seu uso, sen prexuízo de poder mantelo para outros usos nos que así se autorizasen. As empresas poderán deducir, a través das nóminas, as cotas correspondentes aos afiliados ás centrais sindicais asinantes deste convenio naqueles supostos nos que os interesados llo solicitasen por escrito á dirección da empresa, indicando o número de conta corrente do sindicato ao que desexan que se lles transfira o importe da referida cota.

Artigo 32º.-Modalidades de contratación.

Os contratos de duración determinada previstos no artigo 15.1º b) do Real decreto legislativo 1/1995, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, poderán ter unha duración máxima de doce meses dentro dun período de dezoito meses. No caso de que se concerten tales contratacións por un prazo inferior a doce meses, poderán ser prorrogados mediante acordo das partes, sen que a duración total do contrato poida exceder do dito límite máximo.

Artigo 33º.-Prohibición de discriminación.

Dentro das empresas os traballadores e traballadoras non poderán ser discriminados por razóns étnicas, de ideoloxía, sexo, afiliación política ou sindical.

Respectarase o principio de igualdade de acceso a todos os postos de traballo da empresa tanto para homes como para mulleres sen ningunha discriminación.

Artigo 34º.-Equiparación de parellas de feito.

As parellas de feito que figuren inscritas no correspondente rexistro oficial gozarán de todos os dereitos que lles correspondan en virtude do presente convenio, equiparándose a súa situación á dos cónxuxes.

Disposición transitoria

Única.-Revisión das táboas salariais con vixencia desde o 1 de abril de 2003 ao 31 de marzo de 2004.

En aplicación do disposto no artigo 10º, parágrafo terceiro, do convenio colectivo anterior, que establecía unha cláusula de revisión salarial para o caso de que o IPC real estatal o 31 de decembro de 2003 supere o incremento do 2% pactado, procédese á revisión das táboas salariais vixentes desde o 1 de abril de 2003 ata o 31 de marzo de 2004, que se incorporan a este convenio como anexo I.

Disposición adicional

Única.-Aboamento de atrasos.

Os atrasos aos que haxa lugar como consecuencia da publicación deste convenio deberán selles aboar aos traballadores no prazo de dous meses contados desde a súa publicación no BOP de Lugo.

ANEXO I

Táboa salarial do convenio colectivo do comercio téxtil de Lugo (vixencia: 1-4-2003 ao 31-3-2004)

Categoría profesional	Soldo base	Complemento de desgaste e vestuario	Soldo mes	Retribución anual
* Grupo I. Persoal técnico titulado:				
Titulado grao superior	913,28	63,87	977,15	11.725,80
Titulado grao medio	776,21	62,20	838,41	10.060,92
Axudante técnico sanitario	684,81	61,08	745,89	8.950,68
* Grupo II. Persoal mercantil técnico non titulado:				
Director	1.004,75	65	1.069,76	12.837,12
Xefe de división	890,38	63,60	953,98	11.447,76
Xefe de persoal	867,66	63,32	930,98	11.171,76
Xefe de compras	867,66	63,32	930,98	11.171,76
Encargado xeral	867,66	63,32	930,98	11.171,76
Xefe de sucursal e súper	776,21	62,20	838,41	10.060,92
Xefe de almacén	776,21	62,20	838,41	10.060,92
Xefe de grupo	730,47	61,64	792,11	9.505,32
Xefe de sección mercantil	671,02	60,89	731,91	8.782,96
Encargado establecemento				
poxa	661,87	60,78	722,65	8.671,80
Xefe de vendas	867,66	63,32	930,98	11.171,76
-Persoal mercantil propiamente dito:				
Viaxante	671,02	60,89	731,91	8.782,92
Corredor de praza	661,87	60,78	722,65	8.671,80
Dependente	639	60,50	699,50	8.394
Dependente maior	701,91	61,28	763,20	9.158,40
Axudante	587,13	59,88	647,01	7.764,12
Traballador para a formación	% do SB fixado en			

	convenio segundo categoría	57,09		
* Grupo III. Persoal técnico non titulado:				
Director	1.004,75	65	1.069,76	12.837,12
Xefe de división	890,38	63,60	953,97	11.447,76
Xefe de administración	803,63	62,52	866,15	10.393,80
Secretario	648,22	60,61	708,83	8.505,96
Xefe de sección administrativa	748,68	61,86	810,54	9.726,48
-Persoal administrativo:				
Contable, caixeiro, taquimecanógrafo, idiomas, etc.	671,02	60,89	731,91	8.782,92

Categoría profesional	Soldo base	Complemento de desgaste e vestuario	Soldo mes	Retribución anual
Oficial administrativo e operador de máquinas contables	639	60,50	699,50	8.394
Auxiliar administrativo e perforista	587,13	59,88	647,01	7.764,12
Auxiliar de caixa	587,13	59,88	647,01	7.764,12
Auxiliar maior de caixa	630,64	60,39	691,03	8.292,36
* Grupo IV. Persoal de servizos e actividades auxiliares:				
Xefe de sección de servizos	729,58	61,65	791,23	9.494,76
Debuxante	776,21	62,20	838,40	10.060,80
Escaparatista	639	60,50	699,50	8.394
Axudante de montaxe	587,13	59,88	647,01	7.764,12
Delineante	593,30	59,94	653,24	7.838,88
Visitador	593,30	59,94	653,24	7.838,88
Rotulista	593,30	59,94	653,24	7.838,88
Cortador	662,23	60,78	723,01	8.676,12
Axudante cortador	587,13	59,88	647,01	7.764,12
Xefe de taller	591,29	59,90	651,19	7.814,28
Persoal de oficio de 1ª	625,31	60,34	685,65	8.227,80
Persoal de oficio de 2ª	608,13	60,12	668,25	8.019

Persoal de oficio de 3ª	600,50	60,03	660,53	7.926,36
Mozo especializado	595,17	59,95	655,12	7.861,44
Mozo Empaquetadora	587,13	59,88	647,01	7.764,12
	587,13	59,88	647,01	7.764,12
* Grupo V. Persoal subalterno:				
Conserxe	587,13	59,88	647,01	7.764,12
Cobrador	587,13	59,88	647,01	7.764,12
Vixilante, sereno, ordenanza, porteiro	587,13	59,88	647,01	7.764,12
Persoal de limpeza	2,73			

ANEXO II

Táboa salarial do convenio colectivo do comercio téxtil de Lugo (vixencia: 1-4-2004 ao 31-12-2004)

Categoría profesional	Soldo base	Complemento de desgaste e vestuario	Soldo mes	Retribución anual
* Grupo I. Persoal técnico titulado:				
Titulado grao superior	942,50	65,91	1.008,41	12.100,92
Titulado grao medio	801,05	63,03	865,24	10.382,88
Axudante técnico sanitario	706,72		769,75	9.237
* Grupo II. Persoal mercantil técnico non titulado:				
Director	1.036,90	67,09	1.103,99	13.247,88
Xefe de división	918,87	65,64	984,51	11.814,12
Xefe de persoal	895,43	65,35	960,78	11.529,36
Xefe de compras	895,43	65,35	960,78	11.529,36
Encargado xeral	895,43	65,35	960,77	11.529,25
Xefe de sucursal e súper	801,05	64,19	865,24	10.382,88
Xefe de almacén	801,05	64,19	865,24	10.382,88
Xefe de grupo	753,85	63,61	817,47	9.809,52
Xefe de sección mercantil	692,49	62,84	755,33	9.063,96
Encargado establecemento				
poxa	683,05	62,72	745,77	8.949,24
Xefe de vendas	895,43	65,35	960,78	11.529,36
-Persoal mercantil propiamente dito:				
Viaxante	692,49	62,84	755,33	9.063,96
Corredor de praza	683,05	62,72	745,77	8.949,24
Dependente	659,45	62,44	721,89	8.662,68
Dependente maior	724,37	63,25	787,62	9.451,44
Axudante	605,92	61,80	667,72	8.012,64
Traballador para a	% do SB			

formación	fixado en convenio segundo categoría	58,92		
* Grupo III. Persoal técnico non titulado:				
Director	1.036,90	67,09	1.103,99	13.247,88
Xefe de división	918,87	65,64	984,51	11.814,12
Xefe de administración	829,35	64,52	893,87	10.726,44
Secretario	668,97	62,55	731,51	8.778,12
Xefe de sección administrativa	772,64	63,84	836,48	10.037,76
-Persoal administrativo:				
Contable, caixeiro, taquimecanógrafo, idiomas, etc.	692,49	62,84	755,33	9.063,96
Oficial administrativo e operador de máquinas contables	659,45	62,44	721,89	8.662,68
Auxiliar administrativo e perforista	605,92	61,80	667,72	8.012,64
Auxiliar de caixa	605,92	61,80	667,72	8.012,64
Auxiliar maior de caixa	650,82	62,32	713,14	8.557,68

Categoría profesional	Soldo base	Complemento de desgaste e vestuario	Soldo mes	Retribución anual
* Grupo IV. Persoal de servizos e actividades auxiliares:				
Xefe de sección de servizos	752,93	63,62	816,55	9.798,60
Debuxante	801,05	64,19	865,24	10.382,88
Escapatista	659,45	62,44	721,89	8.662,68
Axudante de montaxe	605,92	61,80	667,72	8.012,64
Delineante	612,29	61,86	674,15	8.089,80
Visitador	612,29	61,86	674,15	8.089,80
Rotulista	612,29	61,86	674,15	8.089,80
Cortador	683,42	62,72	746,14	8.953,68
Axudante cortador	605,92	61,80	667,72	8.012,64
Xefe de taller	610,21	61,82	672,03	8.064,40
Persoal de oficio de 1ª	645,32	62,27	707,59	8.491,08
Persoal de oficio de 2ª	627,59	62,04	689,63	8.275,56
Persoal de	619,72	61,95	681,67	8.180,04

oficio de 3 ^a Mozo especializado	614,22	61,87	676,09	8.113,08
Mozo	605,92	61,80	667,72	8.012,64
Empaquetadora	605,92	61,80	667,72	8.012,64
* Grupo V. Persoal subalterno:				
Conserxe	605,92	61,80	667,72	8.012,64
Cobrador	605,92	61,80	667,72	8.012,64
Vixilante, sereno, ordenanza, porteiro	605,92 2,82	61,80	667,72	8.012,64
Persoal de limpeza				

ANEXO III

Táboa salarial do convenio colectivo do comercio téxtil de Lugo (vixencia: 1-1-2005 ao 31-12-2005)

Categoría profesional	Soldo base	Complemento de desgaste e vestuario	Soldo mes	Retribución anual
* Grupo I. Persoal técnico titulado:				
Titulado grao superior	966,06	67,57	1.033,63	12.403,56
Titulado grao medio	821,08	65,79	886,87	10.642,44
Axudante técnico sanitario	724,39	64,61	789	9.468,00
* Grupo II. Persoal mercantil técnico non titulado:				
Director	1.062,82	68,77	1.131,59	13.579,08
Xefe de división	941,84	67,28	1.009,12	12.109,44
Xefe de persoal	917,82	66,98	984,80	11.817,60
Xefe de compras	917,81	66,98	984,79	11.817,48
Encargado xeral	917,81	66,98	984,79	11.817,48
Xefe de sucursal e súper	821,08	65,79	886,87	10.642,44
Xefe de almacén	821,08	65,79	886,87	10.642,44
Xefe de grupo	772,70	65,20	837,40	10.054,80
Xefe de sección mercantil	709,80	64,41	774,21	9.290,52
Encargado establecemento				
poxa	700,13	64,29	764,42	9.173,04
Xefe de vendas	917,82	66,98	984,80	11.817,60
-Persoal mercantil propiamente dito:				
Viaxante	709,80	64,41	774,21	9.290,52
Corredor de praza	700,13	64,29	764,42	9.173,04
Dependente	675,94	64	739,94	8.879,28
Dependente maior	742,48	64,83	807,31	9.687,72
Axudante	621,07	63,35	684,42	8.213,04
Traballador para a	% do SB			
fixado				

formación	en convenio segundo categoría	60,39		
* Grupo III. Persoal técnico non titulado:				
Director	1.062,82	68,77	1.131,59	13.579,08
Xefe de división	941,84	67,28	1.009,12	12.109,44
Xefe de administración	850,08	66,13	916,21	10.994,52
Secretario	685,69	64,11	749,80	8.997,60
Xefe de sección administrativa	791,96	65,44	857,40	10.288,80
-Persoal administrativo:				
Contable, caixeiro, taquimecanógrafo, idiomas, etc.	709,80	64,41	774,21	9.290,52
Oficial administrativo e operador de máquinas contables	675,94	64	739,94	8.879,28
Auxiliar administrativo e perforista	621,07	63,35	684,42	8.213,04
Auxiliar de caixa	621,07	63,35	684,42	8.212,04
Auxiliar maior de caixa	667,09	63,88	730,97	8.771,64
* Grupo IV. Persoal de servizos e actividades auxiliares:				
Xefe de sección de servizos	771,75	65,21	836,96	10.043,52
Debuxante	821,08	65,79	886,87	10.642,44
Escaparatista	675,94	64 63,35	739,94	8.879,28
Axudante de montaxe	621,07		684,42	8.213,04
Delineante	627,60	63,41	691,01	8.292,12
Visitador	627,60	63,41	691,01	8.292,12

Categoría profesional	Soldo base	Complemento de desgaste e vestiario	Soldo mes	Retribución anual
Rotulista	627,60	63,41	691,01	8.292,12
Cortador	700,51	64,29	764,80	9.177,60
Axudante cortador	621,07	63,35	684,42	8.213,04
Xefe de taller	625,47	63,37	688,83	8.266,01
Persoal de oficio de 1ª	661,45	63,83	725,28	8.703,36
Persoal de oficio de 2ª	643,28	63,59	706,87	8.482,44
Persoal de oficio de 3ª	635,21	63,50	698,71	8.384,52
Mozo	629,58	63,42	693	8.316

especializado				
Mozo	621,07	63,35	684,42	8.213,04
Empaquetadora	621,07	63,35	684,42	8,213,04
* Grupo V. Persoal subalterno:				
Conserxe	621,07	63,35	684,42	8.213,04
Cobrador	621,07	63,35	684,42	8.213,04
Vixilante, sereno, ordenanza, porteiro	621,07	63,35	684,42	8.213,04
Persoal de limpeza	2,89			